



Ao longo do ano, pódese gozar de variadas actividades culturais: recitais de poesía, concertos, teatro, performances, conferencias e charlas no espazo da Biblioteca, ou presentacións de libros, así como outras actividades que a Fundación organiza desde hai anos. A **MIÑA PEZA FAVORITA** iniciada en 1997 permite dar a



coñecer os fondos da Fundación, xa que o invitado elixe unha peza das coleccións do Museo e ofrece as súas observacións ao público. Anualmente, ten lugar o **Maratón de Lectura**, que se encadra dentro das actividades realizadas polo

Museo para apoiar e promover a literatura e que, desde 1998, non só puxo e pon de relevo a obra literaria de Eugenio Granell, senón tamén a doutros escritores, internacionais e nacionais, cuxa obra se pode vincular á figura de Eugenio Granell e ao surrealismo. Desde o ano 2007, réndeselle homenaxe ao escritor don Ramón María del Valle Inclán, na Alameda compostelá, e faise o día 7 de marzo, que á data en que o escritor regresa a Compostela. Esta homenaxe consiste en ler fragmentos das súas obras e en lle poñer unha bufanda vermella á súa estatua, situada nun banco desde o que mira a catedral.



Na **Planta Baixa do Museo**, atópase a tenda e nela poden obterse libros e catálogos publicados pola Fundación, así como obxectos, xoias, xoguetes e outros produtos con deseños exclusivos do Museo.



A través dos **Amigos da Fundación Granell**, calquera persoa pode apoiala cunha mínima doazón anual.



### Fundación Eugenio Granell

Praza do Toural s/n, 15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 57 21 24 / 981 57 63 94 / Fax 981 56 40 69

[www.fundacion-granell.org](http://www.fundacion-granell.org)

Visitas concertadas para grupos: reservas no teléfono 981 572 124

### HORARIO

Martes a venres: 11.00h a 14.00h / 16.00h a 20.00h

Sábado: 10.30h a 14.30h / Domingo, Luns, festivos: Pechado

**ENTRADA: 2 € / ESTUDIANTES: 1 € / GRATUITA:** Mércores, maiores de 65, menores de 18, persoas en situación legal de desemprego, xornalistas, guías oficiais de turismo, 18 de maio e 28 de novembro



Fundación EUGENIO GRANELL



CONCELLO DE SANTIAGO



CONSORCIO DE SANTIAGO



Deputación DA CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

## Fundación Eugenio Granell



A **Fundación Eugenio Granell** inicia a súa traxectoria en 1995 tras a sinatura dun convenio entre o artista surrealista Eugenio Fernández Granell e o Concello de Santiago de Compostela.

Con sede no pazo de Bendaña, na céntrica praza compostelá do Toural, a Fundación alberga unha ampla colección de obras do propio artista, as súas coleccións surrealista e étnica e, a partir de 1997, unha colección de obras do artista surrealista inglés e amigo de Eugenio Granell, Philip West, que doa tamén a súa biblioteca de libros e catálogos surrealistas. No ano 2008, as coleccións aumentan de volume, tras o falecemento de Amparo Segarra, viúva de Granell e tamén artista. Nestas datas, incorpóranse a biblioteca e os arquivos de Eugenio Granell.

O fin primordial da Fundación Eugenio Granell é o fomento do estudo e a difusión do conxunto da obra de Eugenio Granell, do surrealismo e das correntes affins.



Con este propósito, nas diferentes salas que conforman o Museo expóñense con carácter temporal parte das coleccións.



A **Segunda Planta** está dedicada principalmente á obra de Granell, que está a ser estudada pola directora da Fundación (salas 2 e 3). A **Sala 1** presenta a colección surrealista, con obras de Joan Miró, Wifredo Lam, Pablo Picasso, Max Ernst, Toyen, Man Ray, Maruja Mallo, entre outros coñecidos artistas surrealistas.

A **Sala Amparo Segarra** presenta exposicións que mostran a obra da artista, constituída fundamentalmente por colaxes ou exposicións vinculadas a outras facetas da súa vida como actriz, esposa e nai.



Na **Primeira Planta**, recreouse o estudo de Granell; nel exhibense un dos seus cabaletes, pinturas propias ou de amigos pintores, os seus bastóns e, nunha vitrina, obxectos persoais como as súas lentes, plumas, xemelgos, gravatas... Tamén conservamos a

mesa de traballo na que o artista creaba as súas imaxinativas construcións e unha foto grande na que se lle pode ver sentado á súa mesa de traballo no despacho da súa casa en Madrid. Granell era un grande afeccionado á obra de San Juan de la

Cruz e, entre as figuras da súa colección, hai unha talla do século XVII que se mostra tamén neste estudo.



As **Salas 4 e 5** desta primeira planta dedícanse a exposicións temporais que, en ocasións, presentan tamén parte dos fondos da Fundación Eugenio Granell e, noutras, mostran a obra doutros artistas surrealistas. Así, desde o seu inicio en 1997, pasaron por estas salas: Esteban Francés, Francisco Leiro, Iván Tovar, Gordon Onslow Ford, Paco Pestana, Francisco Carballido, Jackeline Lamba, Yolanda Tabanera, entre outros.

Dende o 2016, nestas salas, nos meses de decembro e xaneiro, móstranse as exposicións resultado do proxecto "**Artista en Residencia**".

Nesta primeira planta tamén está a **Sala Philip West**, dedicada a mostrar a colección deste artista, amigo de Granell, pertencente aos fondos da Fundación.



Na **Terceira Planta** da Fundación atópase a Biblioteca, que se articula en tres fondos diferenciados e independentes: **Biblioteca e Arquivo Eugenio Granell**, **Biblioteca Philip West** e **Biblioteca Museo**. A primeira, polo seu amplo contido, converteuse nun lugar de estudo e investigación do surrealismo, da Guerra Civil, das ciencias esotéricas, e doutros moitos temas que lle interesaban ao artista.

Destacan tamén o arquivo da correspondencia con diversas personalidades da súa época, como André Breton, Vicente Llorens, Francisco Ayala, Benjamín Péret, Joaquín Maurín, Victor Alba, e outros moitos, entre os que se atopan camaradas do POUM, o partido político ao que Granell estaba afiliado e xunto cos que loitou na Guerra Civil Española (1936-1939). A **Biblioteca Philip West** contén o legado bibliográfico, incorporado en 1997, así como artigos e folletos. A **Biblioteca Museo**, inaugurada en xaneiro de 2001, é de



acceso libre; trátase dun espazo utilizado tanto por usuarios investigadores coma por aqueles que traen os seus propios materiais de estudo e lectura.



Como todo bo museo, a **Área de Conservación e Restauración** é de suma importancia. Ademais de coidar os fondos, ofrécense unha serie de actividades para que o público participe e coñeza as coleccións e o labor da devandita área. Entre estas actividades, pódense salientar as seguintes:



- . **Visitas guiadas** ao taller e aos almacéns, dirixidas a todos os públicos.
- . **Charlas especializadas.**
- . **Proxecto Coleccionamos?**, unha experiencia que pretende unir o Museo e o público para crear un espazo propio e unha serie de accións participativas, co fin de coñecer, reflexionar e gozar do patrimonio cultural que alberga a Fundación.



Desde a **Área de Didáctica**, ofértanse diversas actividades para nenos e adultos. A través das visitas guiadas, individuais ou en grupo, ofrécese a explicación das exposicións de cada momento para profundar no sentido de cada unha delas. Tamén se ofertan:

- . **Visitas-taller:** prácticas pedagóxicas cun enfoque lúdico que serven como complemento á actividade contemplativa e que están adaptadas, do mesmo xeito que as visitas guiadas, aos diferentes tipos de público.
- . **Talleres de creatividade** para nenos e adultos, impartidos por artistas plásticos ou outros formadores.

